

Sempre en Galiza, prohibido pola ditadura franquista

Xosé Manuel Dasilva¹

Recibido: 29 de novembro de 2022 / Aceptado: 15 de decembro de 2022

Resumo. O presente artigo ten como obxectivo principal analizar os numerosos avatares que *Sempre en Galiza* sufriu ao longo do período franquista. En primeiro lugar, ofrécense algunhas informacións sobre a prohibición que impediu con especial empeño a súa publicación no noso territorio durante varias décadas. A continuación, préstase atención a aquelas páxinas do ensaio de Castelao que se incluíron nos volumes *Escolma posible* (1963), da editorial Galaxia, e *El pensamiento político de Castelao* (1965), impreso por Ruedo Ibérico en Francia. Na última parte do estudo, sométense a exame particularmente os expedientes de censura das iniciativas relativas a *Sempre en Galiza* que levaron a cabo, por un lado, a librería viguesa Librouro en 1975 e, por outro lado, Akal Editor en 1976 e 1977, data esta última en que saíu por fin o libro na súa totalidade entre nós.

Palabras chave: Castelao; ensaio; *Sempre en Galiza*; censura; franquismo.

[es] *Sempre en Galiza*, prohibido por la dictadura franquista

Resumen. El presente artículo tiene como objetivo principal analizar los numerosos avatares que *Sempre en Galiza* sufrió a lo largo del período franquista. En primer lugar, se ofrecen algunas informaciones sobre la prohibición que impidió con especial empeño su publicación en nuestro territorio durante varias décadas. A continuación, se presta atención a aquellas páginas del ensayo de Castelao que se incluyeron en los volúmenes *Escolma posible* (1963), de la editorial Galaxia, y *El pensamiento político de Castelao* (1965), impreso por Ruedo Ibérico en Francia. En la última parte del estudio, se someten a examen particularmente los expedientes de censura de las iniciativas relativas a *Sempre en Galiza* que llevaron a cabo, por un lado, la librería viguesa Librouro en 1975 y, por otro lado, Akal Editor en 1976 y 1977, fecha esta última en la que salió por fin el libro en su totalidad entre nosotros.

Palabras clave: Castelao; ensayo; *Sempre en Galiza*; censura; franquismo.

[en] *Sempre en Galiza*, Prohibited by the Franco Dictatorship

Abstract. The main aim of this article is to analyse the numerous vicissitudes that *Sempre en Galiza* suffered throughout the Francoist period. First of all, it offers some information about the prohibition that prevented its publication in our territory for several decades. Next, attention is paid to those pages of Castelao's essay that were included in the volumes *Escolma posible* (1963), published by Galaxia, and *El pensamiento político de Castelao* (1965), printed by Ruedo Ibérico in France. In the last part of the study, the censorship files of the initiatives related to *Sempre en Galiza* that were carried out, on the one hand, by the Vigo bookshop Librouro in 1975 and, on the other hand, by Akal Editor in 1976 and 1977, when the book was finally published in its entirety among us, are particularly examined.

Keywords: Castelao; Essay; *Sempre en Galiza*; Censorship; Francoism.

Sumario. 1. A prohibición de *Sempre en Galiza* durante o período franquista. 2. Os fragmentos de *Sempre en Galiza* transcritos en *Escolma posible* (Galaxia, 1963). 3. A reprodución de *Sempre en Galiza* en *El pensamiento político de Castelao* (Ruedo Ibérico, 1965). 4. O expediente de censura de *Sempre en Galiza* (Librouro, 1975). 5. Os expedientes de censura de *Sempre en Galiza* (Akal Editor, 1976 e 1977). 6. Remate. 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: Dasilva, Xosé Manuel. (2022): “*Sempre en Galiza*, prohibido pola ditadura franquista”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 25, pp. 99-113, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.83457>.

¹ Universidade de Vigo, Departamento de Tradución e Lingüística.
Correo-e: jdasilva@uvigo.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-3360-6995>.

Sempre en Galiza conta co desafortunado mérito de ser, sen ningunha dúbida, a obra galega máis obstinadamente combatida pola Ditadura. Durante varias décadas, a feroz persecución que padeceu fíxose intensa e ao mesmo tempo persistente. Por vontade ferreña do Réxime, o emblemático ensaio viu embarazada a súa transmisión tanto á hora de importar remesas das edicións arxentinas polas canles regulamentarias como ao acometer novas propostas editoriais. Este acoso contumaz tamén se entendería, con notoria aversión, aos exemplares clandestinamente transportados desde a Arxentina ou Francia que deron chegado ás nosas librerías.

A intención prioritaria deste estudo alicérase no desexo de rastrexar, de xeito rigoroso, a accidentada historia de *Sempre en Galiza* no marco do franquismo desde a súa publicación primixenia en Buenos Aires ata que legalmente logrou chegar, en versión íntegra, aos lectores desta beira do Atlántico. En tal tarefa han ser empregadas, con absoluta preferencia, fontes documentais primarias, case todas de índole oficial, a fin de garantir no grao máximo a obxectividade da pescuda.

1. A prohibición de *Sempre en Galiza* durante o período franquista

Como se sabe, *Sempre en Galiza* apareceu en Buenos Aires no ano 1944, co selo de Edicións “As Burgas”. A obra dividíase daquela nun “Adro” e tres libros, e na cuberta sobresaía un escudo coa bandeira galega sostido por unha seare (Castelao 1944). A segunda edición de *Sempre en Galiza* proporcionouse postumamente, a mediados de 1961, pola mesma editorial (Castelao 1961). Estaba antecedida agora por unha “Nota dos editores”, onde se lexitimaba a adición dun cuarto libro, composto por sete capítulos previstos para o principio dun segundo volume sen rematar. Na Arxentina, *Sempre en Galiza* ofreceuse en castelán, no ano 1971, por Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires e o Instituto Argentino de Cultura Gallega (Castelao 1971). Outra vez en galego, e por estas mesmas institucións, subministrouse unha edición máis (Castelao 1974), caracterizada polo seu singular formato reducido.

Hai tres décadas, sinalouse con toda a razón que faltan exploracións xerais, ou tan sequera fragmentarias, sobre a recepción de *Sempre en Galiza* na denominada Galicia interior no curso da etapa franquista (Mato e Monteaudo 1992: 62). Así a todo, é unha realidade

irrefutable que a súa lectura neste espazo permaneceu entorpecida nada menos que trinta e tres anos, desde 1944 ata 1977. Conforme Carlos Fernández resaltou a modo de balance, sen incorrer en ningún exceso, “desde su misma fecha de salida, la edición de *Sempre en Galiza* figuró en el índice de libros prohibidos del franquismo y sería pieza codiciada en los registros aduaneros y de almacenes de librerías efectuados por la Policía del Régimen” (Fernández 1986: 23).

Na “Nota dos editores”, antes citada, da segunda edición, agrúpanse dúas observacións significativas no relativo ao veto terminante a *Sempre en Galiza*. A primeira radicaba en que o mesmo Castelao dispuxera que se gardase un feixe de unidades da edición orixinal para as compartir co pobo galego cando as circunstancias adversas mudasen. A segunda información puña o acento en que a distribución subrepticia do libro en Galicia dera lugar xustamente a que esta partida se consumise, polo que se facía imperiosa a reimpresión. Isto é o que se expuña na amentada “Nota dos editores”:

Cumprindo un desexo de Castelao, tivéronse retidos, no decurso dalgúns anos, uns centos de exemplares destiñados a seren espallados na Galiza cando a nosa Terra estivese ceiba da censura. Mais, de cando en cando, houbo que ir atendendo insistentes e afervoadas demandas de patriotas galegos, de outas figuras do mundo intelectual de América i Europa i especialmente de mozos universitarios das novas promocións que debezaban coñecer o que se deu en chamar a Biblia da galeguidade. D-ahí que foi minguan-do isa reserva até seu definitivo esgotamento.

Por iso, o Centro Orensano de Buenos Aires sinteu novamente a obriga patriótica de percurar o espallamento do lumioso ideario de Castelao e déuse a tarefa de defrentar a publicación desta Segunda Edición de *Sempre en Galiza*, non oustante o pesamento da outa inversión que hoxe require o imprimir libros diste grandor. (Castelao 1961: 8)

No que atinxe aos severos obstáculos que empicaron a propagación de *Sempre en Galiza*, espalláronse ás veces noticias de cariz pouco menos que lendario. Aínda que sen pormenorizar a procedencia dos datos, Fernández aludiu a que o ínclito franquista Juan Aparicio sentenciara que encerraba o “summun del veneno separatista”, mentres que León Herrera Esteban, ministro de Información y Turismo do derradeiro goberno presidido por Franco, proclamara que “mientras haya Ejército, *Sempre*

en Galiza no se podrá publicar en España” (Fernández 1986: 24). Con independencia da veracidade ou non de tales afirmacións, o que si resulta incuestionable é que existía, nos momentos agónicos do franquismo, unha conciencia fonda da condición inédita de *Sempre en Galiza*, o que se evidencia nesta puntualización de Xesús Alonso Montero na escolma de textos de Castelao titulada *Páxinas escollidas*:

Coido que a presente *Escolma* contén páxinas, dentro da súa limitación, representativas dos principais temas e dimensións de Castelao. Debo aclarar de tódolos xeitos que a obra *Sempre en Galiza*, endexamais publicada en España, non está debidamente representada nesta antoloxía. (Castelao 1975b)

O esclarecemento de que *Sempre en Galiza* quedaba fóra deste repertorio e a especificación de que nunca se editara no ámbito español daban lugar a que se interpretase, só cun pouco de perspicacia, que a orixe de tales lagoas se atopaba na súa prohibición. Isto non pasou desapercibido ao censor encargado de fiscalizar *Páxinas escollidas*, quen subliñaba, nun informe do 16 de abril de 1975, que *Sempre en Galiza* carecía de autorización mesmo para a importación das edicións arxentinas. Das palabras de Alonso Montero facíase eco, igualmente por entón, unha información en *El Pueblo Gallego*, o que dá proba do sentido último que perseguían as mesmas: “Aclárase nunha nota previa que a obra *Sempre en Galiza* endexamais publicada en España non está debidamente representada nesta antoloxía de 125 páxinas” ([s. n.] 1975).

Carlos Casares, ao saudar nunha nota crítica a segunda edición da colectánea *Escolma posible* (Castelao 1975a), protagonizada totalmente por Castelao, faría mención explícita a que *Sempre en Galiza* se transfigurara, incluso con Franco xa morto, nun “libro que un gran número de galegos teñen lido, pero que segue sendo ilegal” (Casares 1976). Uns anos máis tarde, con motivo da primeira edición estampada por Galaxia, volveríase recalcar o implacable asedio que *Sempre en Galiza* tivo que soportar:

A importancia de *Sempre en Galiza* na evolución do pensamento político galeguista convertiuna xa nunha obra imprescindible para calquera galego dos nosos días. Publicada en Buenos Aires en 1944, durante moitos anos estivo prohibida a súa difusión no noso país, o que sen embargo non impediu que chegase a ser un dos libros galegos máis vendidos de tódolos tempos. (Castelao 1986).

É abondo ilustrativo que Xosé Neira Vilas respondese así, a finais dos anos 60, ao preguntarlle Alonso Montero nunha enquisa, con destino ao *Diccionario da nova literatura galega* que estaba a artellar, polo libro que ao seu xuízo urxía reeditar: “*Sempre en Galiza*. Unha edición grande, popular. As dúas feitas en Bos Aires son insuficientes. É necesario neste momento” (Alonso Montero 2021: 147). Non por casualidade, *Sempre en Galiza* se alzaría como o título finalmente máis invocado, con bastante distancia en comparación con outros, polos autores interrogados no referente á mesma cuestión.

Por todas as súas vicisitudes, extensas en cantidade e heteroxéneas na súa natureza, Fernández fixo fincapé na celebridade inmensa que o título de Castelao alcanzou, mesmo deixándose de contemplar como aquilo que inicialmente pretendara ser: “*Sempre en Galiza* dejó así de ser un libro de recuerdos en el que se exponía un ideario político y se convirtió en un mito” (Fernández 1986: 24). Deseguido, agregaba no concerninte á actividade coercitiva despregada polas autoridades: “La relación de las detenciones, prohibiciones, sanciones que los gallegos sufrieron por su causa sería interminable”.

Da fama dilatada de *Sempre en Galiza* é unha proba fiel, con clareza, que se converte nunha das achegas de Castelao con máis versións noutras linguas, especialmente na área peninsular. En Portugal, hai que lembrar a selección de textos que figura na recompilación *Introdução ao Nacionalismo Galego*, transplantada por José Viale Moutinho, en 1973. En lingua catalá, outras partes inseríronse na antoloxía *El problema de les nacionalistes ibèriques*, transvasada por Xosé Luís García, en 1983. En éuscaro, por outra banda, debe citarse a tradución parcial de *Sempre en Galiza* titulada *Beti Galizan*, feita por Bego Montorio, en 1986.

A pesar de todas as dificultades, *Sempre en Galiza* conseguiría acabar, emporiso, por distintas vías nas mans da xente. De novo é oportuno recordar o nome de Neira Vilas, quen testemuñou que nas Mocidades Galeguistas de Buenos Aires, creadas en 1953 noonsel da Sociedade Nazonalista Pondal, o elevaran á categoría de piar doutrinario. Relataba que se consagraban nas súas xuntanzas a estudalo con fervor, e que para el persoalmente supuxera “unha revolución ese libro, polo seu contido e polo engado da súa prosa” (Neira Vilas 1983: 9). Sen dilación, traía a colación como deron argallado que *Sempre en Galiza* entrase en Galicia:

Catro anos dempois, a través da organización libreira “Follas Novas”, espallámolo por América adiante, e logramos que unha distribuidora mexicana introducíse na Península centos de exemplares, clandestinamente. Como o Centro Ourensán non o reeditaba, estivo a pique de saír co selo editorial da dita organización; non se concretou isto debido a que apareceron dous ou tres capítulos inéditos e Rodolfo Prada estudaba a posible incursión dos mesmos. (*Id.*)

Varios anos despois, Neira Vilas repetiría a mesma versión, arrequecendoa con máis detalles:

No entanto comezamos a facer envíos a Galicia. Cada viaxeiro amigo traía un exemplar, que lían decenas de mozos, segundo fun sabendo, e servía para a súa formación galega. Isto beneficiou a centos de mozos. Tamén inventamos un membrete (coido que co nome dunha perfumería) e fixemos chegar exemplares por correo postal. Talvez fosen requisados algúns, pero os máis deles soubemos que chegaran e que foran igualmente útiles a múltiples lectores.

A existencia deste libro foise coñecendo en Galicia e de aí que lle servíramos a unha distribuidora mexicana (Atrante S. A.), a través dun tal Alvarado que a representaba na Arxentina, todos os exemplares que quedaban para distribuílos clandestinamente en Galicia. (Neira Vilas 2015)

Alonso Montero salientou o papel destacado que xogaron individualidades audaces, como entre outros Carlos Vázquez e Antón Patiño Regueira, donos respectivamente da librería Tanco, en Ourense, e a librería Librouro, en Vigo:

Eran os libeiros que agachaban na trastenda dos seus establecementos *Sempre en Galiza*, de Castelao, e outros títulos de Ruedo Ibérico, a editorial de París que publicou *Galicia hoy*. Eses libeiros teñen nome e apelidos e algún día deberían ser lembrados nunha páxina da Lei da Memoria Histórica: Enrique Molist, na Coruña, Carlos Vázquez en Ourense, Eduardo Hernández en Santiago, Antón Patiño en Vigo... (Alonso Montero 2008: VII)

Fernández conxecturou, en fin, un nexo próximo entre os innumerables atrancos postos a *Sempre en Galiza* e o pequeno tamaño da terceira edición emprendida en galego en 1974, o que favoreceu que circulase máis comodamente de forma furtiva:

Quizás pensando en ello, una de las ediciones del Centro Gallego de Buenos Aires estaba hecha en formato muy reducido y podía meterse

con gran facilidad en un bolsillo pequeño, pues sus dimensiones eran de 13,5 centímetros de largo por 9,5 de ancho y 3 de grueso. (Fernández 1986: 23)

2. Os fragmentos de *Sempre en Galiza* transcritos en *Escolma posible* (Galaxia, 1963)

Durante o franquismo, a primeira e única vez que *Sempre en Galiza* se puxo licitamente a disposición do público foi co gallo da súa presenza fraccionada no volume *Escolma posible*, organizado por Marino Dónega, que a editorial Galaxia materializou en 1963. Convén matizar que as pasaxes extractadas do ensaio se cinguían a aspectos culturais e lingüísticos, esquivando, por obvia cautela, as de magnitude máis política. En todo caso, impónse calibrar esta aventurada iniciativa en función da deplorable situación naquela altura, non a partir dun prisma de hoxe, como Fernández valorou: “Contemplado desde la perspectiva actual, la *Escolma posible* puede parecer un intento tímido de reproducir el pensamiento de Castelao, pero en aquel tiempo de censura y represión constituyó una acción arriesgada” (Fernández 1986: 50).

O mesmo Dónega, nunha epígrafe sagaz que formaba parte do prólogo, suxería a ambivalencia deliberada da fórmula “escolma posible” (Dasilva 2008: 142-143, Dasilva 2013: 19). Efectivamente, xustificábase o uso do referido adxectivo por limitacións “eisóxenas” (Castelao 1964: 13), e engadíase xusto a seguir que as mesmas “ben se comprenden”, dando a entender con sutileza a presión enorme que o control das autoridades exercía. Nesta advertencia non había ningunha clase de esaxeración, como o demostra con carácter fidedigno o expediente de censura de *Escolma posible*, para o que se demandou permiso oficial por parte de Galaxia o 30 de abril de 1964.

Na documentación do expediente, consta o informe dun primeiro censor, o cal recriminaba, con extrema animosidade, o perigo que se derivaba de *Sempre en Galiza* e *Alba de gloria*—este adscrito, erradamente, ao eido teatral—, de onde se extraeran os textos das parcelas ensaística e oratoria reunidos en *Escolma posible*. Véxase o que opinaba con énfase rotunda tras unha concienciada revisión:

Por lo que el título indica, *Escolma posible* es una selección de escritos de Castelao, en la que, por cierto, apenas se añade nada a la versión del nacionalismo contrariado de su otra obra *Sempre en Galiza*, presentada recientemente por la misma editorial.

Así vemos en la pág. 73 la estéril añoranza de una época “en la que Galicia y el gallego eran España” y la obsesión de volver a hallar “despejado el camino que unía a Galicia con el resto del mundo civilizado”, tan parecida al “europeísmo” de los catalanistas. En la misma línea ideológica afirma en la página 102 que “con las legiones romanas entró la muerte en Galicia”. (La muerte, claro está, del rudo primitivismo aborígen a manos de la cultura grecolatina). Por último, en la 119 se pregunta: “¿No es tan doloroso vivir en una tierra aherrojada (se sobreentiende Galicia) como en un destierro?” (Pregunta meramente retórica). Y aún dice luego: “...por mi patria, en donde campan los funcionarios forasteros”.

Pero sobre todo es en los capítulos “Castelao ensaísta”, tomado de *Sempre en Galiza*, y *Alba de gloria*, de Castelao dramaturgo, en donde culmina la fobia antiespañola del dibujante gallego.

Para este censor, consonte concluía, “habría que suprimir estos dos capítulos para autorizar la publicación de *Escolma posible* y atenuar lo que hay de rencorosa inquina en las frases subrayadas en rojo en el informe”. De calquera modo, co argumento de que non se podía deixar de ponderar “el escaso eco que en Galicia hallan las propagandas nacionalistas”, limitábase, cunha certa condescendencia, a estimar que “tal vez pudiera autorizarse la publicación de esta miscelánea de Castelao con solo suprimir de ella lo tachado en lápiz en rojo en las páginas 5, 7, 119, 120, 202, 203, 208, 215, 216, 227, 248, 249 y 250”.

Un segundo censor asinaba outro informe, non menos meticuloso, onde se ratificaba a maioría das páxinas proscritas polo primeiro censor:

Es una selección de diversas obras del famoso caricaturista, prosista y político galleguista Castelao en la que se nos ofrecen variadas muestras de su labor literaria para darnos a conocer sus múltiples facetas como investigador folklorista, como periodista, cuentista, novelista y ensayista y hasta como crítico de arte. Como es natural la obra es de muy desigual valor, pero en todas ellas aparece claramente de manifiesto su afán galleguista, haciendo resaltar las diferencias que separan a Galicia del resto de España. Y si bien no se trasparece claramente un propósito separatista, que creo no llegó a cuajar plenamente en el autor, sí en cambio se echa de ver en diversos lugares su tendencia política en pro de un federalismo ibérico con autonomía política de las diversas nacionalidades hispánicas, afán que hace que se reflejen opiniones y dichos inconvenientes que pudieran repercutir en una reviviscencia

de un galleguismo semi-separatista, por lo cual recomiendo las tachaduras señaladas en rojo a las págs. 119, 120, 202, 215, 227, 248, 249 y 250. Pero aparte de esto, como Castelao militó al lado del Gobierno rojo durante nuestra guerra, creo también conveniente suprimir toda referencia y cita a las obras netamente opuestas y calumniosas para el Movimiento nacional, por lo que propongo la eliminación de lo tachado en rojo a la pág. 5 del prólogo.

He de llamar la atención sobre la falta de la nota 22.

Con las tachaduras mencionadas considero que puede autorizarse la obra.

Por todo o dilucidado, a resolución oficial do Ministerio de Información y Turismo que se transfería a Galaxia, o 16 de xuño de 1964, rezaba o seguinte:

En contestación a su instancia de 30 de abril de 1964 me complace comunicarle que la obra titulada *Escolma posible* de la que es autor Alfonso Rodríguez podrá ser autorizada, previa presentación de las galeradas impresas, por las que pueda comprobarse la supresión de los pasajes señalados en las páginas 5, 7, 119, 120, 202, 203, 208, 215, 216, 227, 248, 249, 250 del ejemplar original adjunto.

Para non renunciar a *Escolma posible*, Galaxia viuse na ineludible obriga de podar as partes ordenadas pola censura, que ascendían a máis dunha ducia. Non por azar o maior número delas, en concreto sete, afectaba a *Sempre en Galiza*, e iso que, como xa se comentou, por prevención se desistira de elixir as reflexións de teor máis político. Como mostra, tras comparar o mecanoscrito orixinal remitido á censura e a edición impresa, aténdase a un dos anacos alterados:

O priscilianismo botou raíces tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, o noso povo aldeán sigue sendo heterodoxo. (Mecanoscrito, p. 208)

O *priscilianismo* botou raíces fondas na alma mística de Galiza. (Edición, p. 247)

Estoutra idea tamén se desvirtuou:

Dí Teixeira de Pascoaes que “o único povo que sente a Saudade é o povo portugués, incluíndo, talvez, o galego, porque a Galiza é um bocado de Portugal sob as poutas do leão de Castela”. Galiza, nefeito, vive en cautiverio; pero a sensibilidade galega xurde nididamente dos fondos ancestrais, esenta de contaminacións

mediterráneas e plea de desexos saudosos. (Mecanoscrito, pp. 226-227)

Dí Teixeira de Pascoaes que “o único povo que sente a Saudade é o povo portugués, incluíndo, talvez, o galego, porque a Galiza é um bocado de Portugal...”. A sensibilidade galega xurde nidiamente dos fondos ancestrais, esenta de contaminacións mediterráneas e plea de desexos saudosos. (Edición, p. 268)

Os demais cortes practicados foron estes:

O noso idioma ten tal fermosura que un poeta andaluz como García Lorca –o poeta mártir– non foi quen de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. (Mecanoscrito, p. 202)

O noso idioma ten tal fermosura que un poeta andaluz como García Lorca, non foi quen de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. (Edición, p. 241)

Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. (Mecanoscrito, p. 203)

A invención do corpo do Apóstolo –¿Prisciliano ou Sant-Iago?– fixo da nosa Terra un centro de universalidade. (Mecanoscrito, p. 208)

A invención do corpo do Apóstolo fixo da nosa Terra un centro de universalidade. (Edición, p. 247)

O día que Galiza sexa nosa, os mariñeiros vivirán na fartura. (Mecanoscrito, p. 215)

Cando se descubriu en Galiza o corpo do Apóstolo –que de non ser Prisciliano merecía ser San Paulo– a alma viaxeira do mundo antigo abríu novos camiños para chegar ao noso Fisterre e sentir anxeos do lonxano na lonxanía. (Mecanoscrito, p. 216)

Cando se descubriu en Galiza o corpo do Apóstolo a alma viaxeira do mundo antigo abríu novos camiños para chegar ao noso Fisterre e sentir anxeos do lonxano na lonxanía. (Edición, pp. 255-256)

É adecuado facer notar que a editorial e distribuidora Edaf, o 14 de abril de 1964, tentaba importar tan só cinco exemplares de *Sempre en Galiza*, con resultado infrutuoso. O informe do censor que supervisou a obra, rubricado o 6 de maio, reflectía esta actitude refractaria:

Sempre en Galiza resume en un volumen considerable a vida política del mejor de los dibujantes caricaturistas gallegos y del más empecinado de los sedicentes autonomistas de aquella región.

A posteriori y con cautela de autor de memorias justificantes, razona aquí su ideal, descargándolo de animosidad separatista para hacerlo más acepto a los discrepantes y poder dolerse mejor de que ni los co-gobernantes republicanos, tan propicios a la concesión de estatutos, quisiesen tomar en serio el problema planteado por Castela y sus correligionarios.

Dada la postura del autor, no es de extrañar su inquina a los Reyes Católicos, a la Iglesia y a los militares. De los primeros se ocupa a cada paso en son de censura o desdén, y no les ahorra siquiera la mofa al aludir a la camisa de la Reina en relación con un voto a las puertas de Granada. De la Iglesia dice en las páginas 192-193 que “nunca en España fue liberal” y en otro lugar la califica de aliada nata de las tendencias feudalistas. En cuanto a los militares, asegura, por boca de alguno de sus personajes, que “en España son caballeros en el Casino y arrieros en el hogar”, como puede verse en la página 195.

La prueba documental la acumula especialmente en las cien páginas últimas; las demás tienen sobre todo carácter anecdótico y de polémica reiterativa con los republicanos y con personajes de nuestra política contemporánea.

A juicio del lector suscrito, no se debería autorizar la importación de esta obra, a no ser en un número muy limitado de ejemplares para periodistas y escritores preocupados por documentarse al detalle de las intrigas de la última República.

3. A reprodución de *Sempre en Galiza* en *El pensamiento político de Castela* (Ruedo Ibérico, 1965)

Á vista das trabas que *Escolma posible* inevitablemente debeu afrontar, non provoca estrañeza que o seguinte pulo para editar *Sempre en Galiza* tivese como escenario Francia. Un ano despois de *Escolma posible*, viña a lume o tomo *El pensamiento político de Castela. Antología*, editado por Ruedo Ibérico en París e disposto polo xornalista Alberto Míguez, responsable dos escritos introdutorios e a escolla textual. Na entrega forneciase un mosaico amplo de *Sempre en Galiza*, en formato bilingüe galego e castelán. Esta alternativa idiomática propugnábase nunha anotación inicial nestes termos:

La selección de textos de Castela que presentamos en este libro exigía una edición bilingüe. Varias fórmulas se ofrecían al editor para disponer las dos lecturas. Ha sido adoptada la solución más fácil y más cómoda para el lector que se interese por ambas lenguas. El texto original

gallego figura en las páginas impares del libro; la traducción castellana correspondiente va en las páginas pares. (Míguez 1965: 2)

O libro estaba encabezado por dous paratextos, titulados “Biografía de urgencia” e “Castelao y nosotros”. Chama a atención, dada a coñecida ilegalidade de *Sempre en Galiza*, a ausencia dun espírito acusado de controversia nos mesmos con relación aos asuntos enfocados. No segundo dos preámbulos, formulábase unha declaración de principios, case ao final, no que respecta ao designio fundamental que se cobizaba:

Ista antoloxía non agacha certa pretensión polémica. O marasmo cultural de nosa terra poucas veces se ve conmovido por discusións e “diálogos” de actualidade, e se Castelao inda pode espelir ós nosos compatriotas co seu pensamento non haberá mais remedio que admitir a sua apaixonada e aberta presenza no futuro de Galiza. Que o pensamento político de Castelao segue tendo unha vixencia desconcertante, mesmo no que poida haber de trabucado na sua obra, veráio o “curioso” leitor que se adentre no grumido mundo do noso líder. (*Ibid.*: 33)

Isaac Díaz Pardo, auténtico promotor, en colaboración con Luís Seoane, deste proxecto, describiu con minuciosidade a súa xestación. En primeiro lugar, aclaraba que se planeara como unha resposta enérxica perante a imaxe estereotipada do autor rianxeiro que o franquismo se afanaba en deseñar, cun acusado nexo partidista, para esvaecer o seu perfil máis incómodo:

Yo estaba entonces en América, pero viajaba con bastante frecuencia a España pasando generalmente por París, donde había amigos preocupados por el problema de España tratando de buscarle una solución. En el año 64, al cumplirse 25 años del final de la guerra civil, aparecieron carteles por toda España conmemorando los “25 años de paz” del régimen. Tenían la característica de estar algunos redactados en catalán, otros en vascuence y otros en gallego. Obedecía a una operación estudiada para disfrazar al régimen que había perseguido sañudamente todas las lenguas del país. Pero algo más se tramaba y de ello pudimos tener información en Madrid por gentes que trabajando dentro del “aparato” no estaban de acuerdo con él. El Ministerio de Información preparaba un libro utilizando a Castelao como un dibujante folklórico, despolitizado, como una especie de “merendiñas” para atraer turismo de la emigración, en su mayoría gallega. ¡Hasta ahí podíamos llegar! Fue este el

momento, 1964, en que tomé contacto con Pepe Martínez. (Díaz Pardo 1987: 8)

Esta persoa evocada, Pepe Martínez, era o fundador de Ruedo Ibérico, onde desempeñaría ata o final o cometido de director. Díaz Pardo proseguía establecendo un vínculo inmediato entre esa campaña de propaganda, marcadamente tendenciosa, e a arela de levar adiante *El pensamiento político de Castelao. Antología*:

En poco tiempo, preparamos la edición de un libro para salirle al paso al Ministerio de Información y cortarle lo que pretendía hacer con Castelao. El libro en edición bilingüe era *El Pensamiento Político de Castelao*. Llevaba un prólogo de Alberto Míguez que, en aquellos momentos, dirigía en Madrid un diario económico, “3E”. Cuando el Ministerio se enteró de aquel libro con el que Ruedo Ibérico le frustraba su operación folklórica sobre Castelao, montó en cólera e impuso la destitución fulminante de Alberto Míguez en la dirección de “3 E” (Míguez hubo de esconderse porque se las juró) y le montó un proceso que terminó condenándolo y multándolo. (*Ibid.*: 10)

O traballo de Alberto Míguez, mais alá da transcendencia innegable de tipo histórico que posúe, non acabou merecendo unha avaliación suficientemente benévola: “El libro, sobre todo si lo contemplamos con la perspectiva de hoy, es una antología discreta sobre el pensamiento político del ilustre galleguista efectuada sobre su libro *Sempre en Galiza*” (Fernández 1986: 56). Non obstante, nun anuncio publicitario do volume *Galicia hoy*, alentado polo propio Díaz Pardo e de novo Luís Seoane, encomiábanse sen reservas os atributos de *El pensamiento político de Castelao. Antología*:

Dentro de la península ibérica se ha procurado silenciar la voz política de Castelao, clave de toda su obra y sin la que es imposible comprender ésta. Hemos creído que un ordenamiento actualizado, destacando la línea que trasciende a nuestro tiempo, facilitaría la difusión y la asimilación del rico pensamiento político de Castelao. (VV.AA. 2008)

Consignábase logo sobre a finalidade primordial que acubillaba:

Las jóvenes generaciones gallegas podrán conocer fácilmente el pensamiento político de Castelao y los lectores de habla castellana familiarizarse con un ideario político de profundas raíces hispánicas, actual y activo a fuerza de ser auténtico, y que desborda ampliamente el área

cultural gallega para formar parte del mejor fondo cultural hispánico.

Este dobre destino que se ha querido dar a *El pensamiento político de Castelao* justifica la edición bilingüe que hoy presenta Ediciones Ruedo Ibérico. (*Id.*)

A obra chegou a diseminarse cunha relativa profusión en solo español, en importante escala por mor de que *Sempre en Galiza* seguía ilegalizado, ata o punto de se erixir en “una de las piezas más buscadas en los registros que la Policía efectúa por las trastiendas de editoriales y librerías” (Fernández 1986: 58). O profundo malestar que desencadeou entre os xerarcas franquistas a irradiación notable de *El pensamiento político de Castelao. Antología* queda probado pola súa expeditiva reacción. Alberto Míguez sería procesado en calidade de culpable visible, co desenlace dunha multa económica de dez mil pesetas e unha pena de cadea de seis meses e un día impostas polo tristemente famoso Tribunal de Orden Público, as cales Valentín Paz Andrade, como avogado defensor, non puido contrarrestar pese ao seu esforzo (Alonso Montero 2008: XIII).

4. O expediente de censura de *Sempre en Galiza* (Librouro, 1975)

A condena prolongada a *Sempre en Galiza* propiciou que a obtención do visto e prace para a súa publicación se albiscase como unha magnífica operación financeira. Así o debeu de concibir Antón Patiño Regueira, propietario da librería Librouro, sita en Vigo, un dos axentes máis activos na comercialización encuberta da obra, como advertiu atinadamente Alex Alonso Nogueira, quen abordou os seus estorbos no Ministerio de Información y Turismo (Alonso Nogueira 2021). En efecto, Patiño Regueira degoxaría sen ningún éxito dar ao prelo en 1975 a edición que viña de lanzar, un ano antes, Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires e o Instituto Argentino de Cultura Gallega.

O expediente de censura desta tentativa desbaratada posibilita reconstruír con exactitude os pasos sucesivos que se deron por aqueles días. Custódíase a instancia asinada o 3 de xuño de 1975 por José Enríquez Prada, con enderezo na rúa Altamirano nº 22, en Madrid, como representante de Librouro, ante a Dirección General de Cultural Popular, dependente do Ministerio de Información y Turismo. Solicitaba expresamente “consulta voluntaria”, de acordo co estipulado no artigo 4 da Ley de

Prensa e Imprenta de 18 de marzo de 1966. O volume dispuña de 477 páxinas, cun formato de 14,5 x 10 e unha tiraxe de 10.000 exemplares. Esta cifra bastante elevada, a un prezo de venda de 300 pesetas, polo que se declaraba, conduciría a unha facturación, de se acceder ao consentimento, de tres millóns de pesetas, isto é, coa actualización pertinente, máis de douscentos cincuenta mil euros de arestora. Desde logo, un negocio redondo que se dexergaba con non pouco sentido da oportunidade.

O informe do censor, subscrito o 24 de xuño de 1975, pronunciábase a favor de refugar taxativamente o beneplácito a Librouro. Os argumentos esgrimidos sustentábanse na identificación dunha sospeitosa inclinación ao separatismo e un ataque aberto ás institucións. Véxase o devandito informe:

En este larguísimo libro de Castelao se reitera (nunca mejor dicho por lo reiterativo del libro) todas las alegaciones galleguistas en pro de su concepto de Galicia como nación y de su derecho a constituirse pues en nación con autonomía legislativa y jurisdiccional, dentro de un régimen de federación o confederación hispana o ibérica, logrando la incorporación de Portugal, cuya parte norte al parecer es terreno irredento de Galicia que en su afán imperialista reivindicaba también parte de Zamora, de León (el Bierzo) y de Asturias. Se explana toda la discusión sobre la elaboración y aprobación del Estatuto autonómico gallego y llega a afirmar Castelao que si a Galicia se le hubiera concedido oportunamente como a Cataluña el Orden público y sus fuerzas, Galicia no hubiera caído en manos del alzamiento militar, y este es muy probable que hubiera fracasado. En fin, es un centón de tesis históricas, políticas, jurídicas o sociológicas para defender la tesis de la personalidad política de Galicia. Incidentalmente se alude a nuestra Guerra con ninguna simpatía, sino clara hostilidad a nuestro régimen (pgs. 89, 90, 140, 142, 177, 188, 189, 191, 192, 194, 255, 419, 421, 462). Hay alusiones a Franco (pgs. 90, 421, 422) y viene a llamar el triunfo nacional “la deshonra de España” (pg. 142).

En conjunto la obra por su tendencia a la dispersión de la soberanía nacional se enfrenta con la Ley Orgánica del Estado, la del Fuero de los Españoles y la de Principios del Movimiento Nacional, y por la falta de respeto a las instituciones (su ataque al militarismo, pgs. 97, 195, 198) incurre en el art. 165 bis b) del Código Penal, por lo que es denunciabile y no puede ser autorizada la publicación.

Como consecuencia deste veredicto contrario, o Jefe de Negociado de Lectorado propuña, o

26 de xuño de 1975, rexeitar categoricamente a petición. Ao día seguinte, dirixíase un oficio a Librouro que trasladaba tal decisión: “En contestación a su consulta de fecha 3-6-75, se le comunica que no es aconsejable la edición de la obra *Sempre en Galiza*, de Alfonso Rodríguez Castelao”. Con todo, Patiño Regueira elevaría este escrito ao Director General de Cultura Popular, con data do 23 de decembro, rogando a reconsideración cunha serie de alegacións orientadas a sortear a dimensión política do ensaio:

Antonio Patiño Regueira, mayor de edad, domiciliado en Vigo, calle Eduardo Iglesias núm. 12, y con Documento Nacional de Identidad número 34.111.931, en nombre y representación de la Editorial “Libro de Oro”, de la que soy propietario, a V. E., con el mayor respeto y consideración,

EXPONE

Que, con fecha 3/6/75, había presentado a consulta el libro titulado *Sempre en Galiza* de Alfonso Rodríguez Castelao, para que se autorizara su publicación, habiéndome comunicado con fecha 27/6/75, a medio de oficio 6187/75 de esa Dirección General, que no es aconsejable la edición pretendida.

Que, dadas las circunstancias actuales, en que nuestro Gobierno viene prestando la máxima atención a las lenguas regionales, y, por ser el autor de este libro estudiado en numerosas tesis, vuelvo a presentar a consulta el referido libro con el ruego de autorización por lo que de aportación al estudio de las lenguas regionales puede representar.

El tiempo transcurrido desde su publicación primera le vacía de cualquier contenido que no sea el puramente histórico y lingüístico para una escasa minoría de intelectuales.

Por lo expuesto, a V.E.

SUPLICO

Que, habiendo por presentado este escrito, se sirva admitirlo y tener por formulada consulta sobre la autorización para la edición del libro que refiere, y en definitiva resolver concediendo la oportuna autorización.

Es gracia que espero alcanzar de V.E. cuya vida guarde Dios muchos años.

Malia a argumentación enfiada con certa habelencia, o parecer do Ministerio de Información y Turismo volvería ser oposto. No expediente de censura está unha nota do Subdirector General de Promoción y Coordinación Editorial, asinada por Joaquín de Entrambasaguas, ao

Jefe del Servicio de Régimen Editorial, do 13 de xaneiro de 1976, onde con firmeza se determinaba: “Te ruego prepares contestación a la instancia del Sr. Patiño, indicando que no existen razones para modificar el criterio expuesto con anterioridad”. Alén diso, aparece un ditame da sección de Lectorado, sen data, no que se concretaba: “Obra anteriormente denegada su importación, y desaconsejada en edición. Por los problemas importantes y delicados que se tratan tales como nacionalismo, federalismo e incluso separatismo velado, parece oportuno mantener el consejo de no edición”.

A partir dos dous escritos, enderezábase este oficio de resposta a Patiño Regueira, o 15 de xaneiro de 1976, coa sinatura do Director General de Cultura:

En contestación a su escrito de fecha 23 de diciembre de 1975, en relación con el libro *Sempre en Galiza*, de Alfonso Rodríguez Castelao, pongo en su conocimiento que, no existiendo razones que aconsejen modificar el criterio expuesto por la Administración con anterioridad respecto al mismo, se confirma el contenido de nuestro oficio de fecha 27 de junio de 1975.

Cómpre realzar que, antes de Librouro, a empresa Nuevas Estructuras tentara acadar a venia para importar, outra vez sen fortuna, exemplares da edición de *Sempre en Galiza* feita en Buenos Aires en 1974. O impreso de solicitude ten data do 9 de xaneiro de 1975, e este era o informe desfavorable firmado polo censor o 14 de xaneiro:

Castelao fue un galleguista “per se” y esta su esencial condición queda plenamente reflejada en *Sempre en Galiza*. Comienza postulando la formación de un partido netamente gallego con poder y fuerza para legislar en favor de Galicia, y sigue prodigando hasta el final su ideario, su galleguidad, hasta el paroxismo a que conducen los ideales hondamente sentidos. De ningún modo puede afirmarse que exponga un pensamiento separatista; pero el entusiasmo y la pasión ardorosa puestas al servicio –intelectual y cordialmente– de la autonomía de Galicia frente al centralismo castellano, le llevan a exageraciones utópicas y al resbaladizo terreno de las nacionalidades para afirmar y tratar de probar que Galicia es una nacionalidad, para defender el derecho de las nacionalidades, para decir que la nacionalidad tiene derecho incluso a constituirse en Estado independiente (pág. 53).

Por esto y por lo que insinúa y dice de la España nacional en las páginas 35, 54, 90, 91, 140, 141 entre otras; por la grotesca semblanza que

hace de militares y clérigos españoles en las páginas 195-196, procede mantener la anterior denegación.

5. Os expedientes de censura de *Sempre en Galiza* (Akal Editor, 1976 e 1977)

A ocasión inaugural en que *Sempre en Galiza* no seu conxunto saíu no Estado español, se ben sen algúns enunciados, retirados de maneira voluntaria, foi en xuño de 1976. A editorial Akal, na colección Arealonga, dirixida por Alonso Montero, publicaba nesa data o segundo tomo da *Obra completa*, dedicado por eneiro ao ensaio. No primeiro tomo apareceran o ano anterior a produción narrativa, conformada por *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Retrincos* e *Os dous de sempre*, así como a peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*. Alí, nun limiar co título “Anteporta” asinado por Alonso Montero, factótum dos dous volumes da edición, facíase referencia, aínda que por forza tenuemente, ás barreiras que había aínda que salvar para brindar aos lectores a voz plena de Castelao, tendo en mente, sen dúbida, *Sempre en Galiza*. Secasí, con esperanza agoirábase que a conxuntura cambiaría en pouco tempo:

Castelao, co seu maxisterio, preside as mellores cavilacións sobor de Galicia; Castelao, coa súa prosa de ouro, engaiola a tirios e troianos; Castelao, coa humanidade entrañable das súas creacións, enriquece e dignifica a todos; Castelao, coas súas reflexións, propónnos unha tarefa; Castelao, coa sinxeleza eficaz dos seus dibuxos, concienciou e conciencia a letrados e iletrados; Castelao, coas súas lealdades, invítanos á coherencia; Castelao, coa súa austera responsabilidade, fainos homes de ben.

Mensaxe de semellante estatura civil e artística, por sinrazós que non veñen ó caso, aínda non chegou a unha gran parte das nosas xentes. Compre esforzarse, pois, no seu espallamento. Todo fai supoñer que as circunstancias, decontado ou axiña, non se arpoñerán. (Alonso Montero 1975c: 5-6)

Un compoñente cardinal dos dous tomos da *Obra completa* estriba en que non se suxeitaron a “consulta voluntaria”, de conformidade co artigo 4 da Ley de Prensa e Imprenta de 18 de marzo de 1966, senón que Akal optou, de forma directa, polo trámite de depositar na Dirección General de Cultura Popular os seis exemplares esixidos polo artigo 12. Canto ao primeiro tomo, dados os seus elementos mormente asépticos, isto non resultaba substancial, mais no que fai ao segundo tomo, onde

estaba *Sempre en Galiza*, si que significaba un xesto ousado.

O máis seguro é que a editorial Akal aspirase con esa estratexia a forzar a aceptación da cuestionada obra como un feito consumado, que en última instancia debería ser denunciado se se reputaba punible desde o punto de vista penal. Como contrapartida para conquistar a súa meta, o círculo de Akal resolvera extirpar, con premeditación, algúns ingredientes controvertibles de *Sempre en Galiza*, os cales non desapareceron, xa que logo, pola imposición de ningunha orde oficial, como se constata con nitidez a partir dos documentos conservados do Ministerio de Información y Turismo.

A solicitude de depósito do segundo tomo da *Obra completa* tramitouna Ramón Akal, o 24 de maio de 1976, na sección de Régimen Editorial. Naquel tempo, o ministro de Información y Turismo era o diplomático Adolfo Martín Gamero, quen ostentou o cargo desde o 12 de decembro de 1975 ata ao 5 de xullo de 1976 nun goberno presidido por Carlos Arias Navarro. No impreso está, na marxe esquerda, esta indicación a máquina: “Verbalmente comunica la editorial que se han suprimido unas páginas sobre militarismo y algunos adjetivos”. Trátase dun pormenor crucial, porque avala que a editorial, por prudencia, depurou a edición para vencer as pexas que frearan a edición de Librouro un ano antes. Ou sexa, ao contrario do que ata agora se coñecía, foi Akal quen se ocupou de acernar *Sempre en Galiza*, non o Ministerio de Información y Turismo, como logo se ha verificar con transparencia.

No exemplar do segundo tomo das *Obras completas* de Akal que está no expediente de censura aparecen identificadas, con subliñados en azul ou con liñas en vermello nas marxes, un fatado de sesenta e sete páxinas. Esta particularidade confirma que *Sempre en Galiza* foi obxecto dunha escrupulosa inspección e se peñeirou con eficiencia. Após un repaso exhaustivo, descóbrense que as partes que suscitaban receos eran estas: capítulos III, IV, V, XI, XII, XIII e XIV, no “Adro”; capítulos I-XII e XIX, no “Libro I”; capítulos I, IV, V, XI, XII, XVIII e XIX, no “Libro II”; capítulos XVII e XXXV, no “Libro III”; e capítulos II-VI e última páxina, no “Libro IV”.

Por mandato do Jefe de Lectorado do mesmo 24 de maio de 1976, o exemplar de *Sempre en Galiza* de Akal encamiñouse ao censor identificado co número 10, que elaboraba o seu informe un día despois:

Vista la obra ahora presentada y la del expediente 6187/75, se ve que coinciden íntegramente en todo: índice, capítulos y paginación. Únicamente se ha suprimido, en la página 195 de las dos obras, la parte que hace referencia al “Militarismo”; asimismo, se ha suprimido, en el primer párrafo de la pág. 255 un párrafo en el que se alude a la “inhumanidad de la España nacionalista” que “no es el reverso de la República”.

Como se acredita, tras confrontar as edicións cursadas por Librouro e Akal, o censor decatábase de que esta editorial prescindira de dúas pasaxes. Unha apreciación análoga expresábase nun apuntamento a carón do informe:

La presente obra fue desaconsejada en consulta voluntaria a la editorial Librouro en 1975. Igualmente en régimen de importación fue denegada a “Nuevas Estructuras” durante el mismo año 1975.

El presente depósito de Akal es exactamente en su contexto a las anteriores ediciones presentadas, a excepción de dos supresiones que quedan indicadas en el libro argentino en páginas 195 y 255.

Lógicamente el libro es el mismo, y a nuestro entender delicado y conflictivo. De manera exhaustiva se insiste en la “nacionalidad gallega”, independencia no solo cultural y lingüística sino política, e incluso se insiste y se reconoce la total soberanía. A criterio del autor, y partiendo de esta base irrenunciable de nacionalidad y completa soberanía política, Galicia “cedería” de estas atribuciones para lograr un sistema federalista para toda España.

A nuestro entender se insiste de manera grave en un problema tan candente como es no solo el regionalismo sino el puro separatismo.

Denunciable a nuestro criterio.

No expediente de censura do segundo tomo das *Obras completas*, cabe detectar a intervención decisiva dun cargo do Ministerio de Información y Turismo que, fronte a tales xuízos, se decantaba por non recusar a publicación. Trátase do catedrático Miguel Cruz Hernández, filósofo e arabista, quen gozou de diversos cargos ao longo da etapa franquista. Assignáranlle xacando o posto de Director General de Cultura Popular, e o 31 de maio de 1976 asinaba este pronunciamento de ton contemporizador:

La editorial Akal presenta a depósito una edición, en gallego, de la obra completa de Castelao. Una edición similar, realizada por el Centro Gallego de Buenos Aires y el Instituto Argentino de

Cultura Gallega, no fue autorizada, en régimen de importación, el pasado año 1975 y, por otra parte, se desaconsejó la edición en España cuando fue presentado el texto a consulta voluntaria.

Sin embargo, realizada la edición y presentada a depósito parece problemática la existencia de una incidencia negativa en nuestra legislación vigente. La tirada oficialmente declarada es de 3.000 ejemplares y el vencimiento del plazo legal de depósito tendrá lugar el próximo día 7 de junio.

Vale a pena afondar nos paratextos deste segundo tomo das *Obras completas* centrado en *Sempre en Galiza*. Nunha nota introdutoria, co título “Esclarecendo un pouco” e datada en maio de 1976, aseverábase que xa non era tempo de coartar a súa divulgación:

Sempre en Galiza é un libro fundamental pra achegármonos a aspectos esenciais da realidade galega: lingoa, cultura, proceso histórico, fásquia económica, configuración política, hábitos sicolóxicos, etc. Pódese discrepar de tal ou cal páxina, de tal ou cal enunciado –nós teríamos os nosos desacordos– pro o que non é lexítimo é negar ou escamotear libro tan importante, tan suxectivo, tan honrado e tan fermosamente escrito ó público galego e non galego. ([s. n.] 1976: 3)

Con fina ironía, o autor da nota translucía que *Sempre en Galiza* se editara varias veces na Arxentina, tanto en galego como en castelán, así como en Francia e en Portugal. No primeiro caso, estábase a lembrar *El pensamiento político de Castelao. Antología*, de Alberto Míguez, e no segundo a escolma *Introdução ao Nacionalismo Galego*, disposta por José Viale Moutinho. O propósito cifrábase en facer entender que se encontraba fóra de lugar porfiar en oponse a *Sempre en Galiza*:

O libro, certamente, ten sido editado, dende 1944, data da primeira aparición, tres veces no idioma orixinal (en Buenos Aires), unha en castelán (tamén en Buenos Aires) e, parcialmente, en dúas ocasións, en París i en Lisboa. Gracias a estas edicións unha parte do público leutor –samente unha parte– tense achegado ó libro. É elemental que un feito cultural de semellante entidade ten dereito a amosarse de xeito máis normal i eficaz. (Castelao 1976: 2)

Por outra banda, o que se facía era pedir desculpas encarecidamente polas exclusións textuais executadas en *Sempre en Galiza*, as cales se cualificaban de indispensables a prol da edición, aínda que se prometía a súa restitución cando o contexto fose máis benigno:

Os leutores disimularán –i entenderán– as pequenas omisións –non chegan a dúas páxinas en total–, omisións que foron debidas a necesidade de publicar hoxe o texto –texto completo que aparecerá completo cando aquí poida aparecer completo– e que non mancan nin imprecisan ningún dos planteamentos de Castelao. (Castelao 1976: 2)

O vaticinio avanzado na nota “Esclarecendo un pouco” non tería que agardar moito tempo, xa que, pola ausencia de escollos desta edición de 1976, o que acordou Akal foi, un ano despois, presentar unha nova edición co texto íntegro. En abril de 1977 irrompía un volume coa designación *Sempre en Galiza (Obra completa, 2)*, é dicir, remarcando en primeiro termo, en contraste co que sucedera na edición de 1976, o título da obra que se daba no segundo tomo destas obras completas. Disto dedúcese que *Sempre en Galiza* era anhelado pola audiencia lectora, e que Akal tiña interese, por motivacións ideolóxicas mais tamén mercantís, en non defraudar esa expectativa. Ademais, na cuberta agora de cor branca, onde se imitaba o escudo coa bandeira galega sostido por unha serea das edicións arxentinas de 1944 e 1961, exhibíase no ángulo inferior dereito unha faixa azul na que se pregoaba: “Edición íntegra”.

A maqueta desta edición de 1977 era idéntica á de 1976, aínda que recuperando os segmentos rabenados entón. Outra diferenza consistía na incorporación dos seguintes índices de variado xénero: 1. “Índice analítico de temas”; 2. “Índices institucións, feitos, acordos, partidos políticos, constitucións”; 3. “Índice de antropónimos”; 4. “Índice de topónimos”; 5. “Índice de revistas, xornales, editoras, libros, folletos, chamamentos”; 6. “Índice de lemas, refráns, frases, berros, aldraxes, alcumes”; e 7. “Índice de retrincos autobiográficos de Castelao”.

Pero a novidade máis sensible, con certeza, achábase na substitución do parágrafo final da nota “Esclarecendo un pouco” da edición de *Sempre en Galiza* de 1976, que volvía presidir o libro, agora co título “Nota da editorial”, onde se escusaran as omisións perpetradas, por outro onde se exteriorizaba sen ambages isto:

Esta edición reproduce na súa totalidade a de Buenos Aires de 1961 que é a completa, a definitiva. Engadímoslle pola nosa conta unhas índices de temas, institucións, feitos, antropónimos, topónimos, revistas, xornales, lemas, refráns, etc., que poden servírennos pra situarmos tódolos anacos deste histórico mosaico galego. ([s. n.] 1977)

Para explotar economicamente a primicia que constituía esta edición íntegra de *Sempre en Galiza* no Estado español, Akal xestou con dilixencia, o mesmo ano, unha versión en castelán, e do orixinal en galego unha terceira edición en 1980 que xa non tivo tan bo recibimento, posto que a cuarta edición dataría de 1994. No Ministerio de Información y Turismo non se apercibiron, curiosamente, de que nas edicións en galego e en castelán de 1977 se restauraran as elisións de Akal. A solicitude de depósito dos exemplares da primeira asinoua Jesús Vivanco, en representación de Akal, e o informe do censor dicía:

Segunda edición exactamente igual hasta en la paginación a la primera de Junio de 1976, salvo que esta última de 1977 lleva agregados índices alfabéticos de temas, de acontecimientos, de personas, de lugares, de citas bibliográficas y hasta de refranes y de alusiones autobiográficas de Castelao.

Ante a solicitude de depósito da versión en castelán, xestionada simultaneamente, o mesmo censor aseguraba: “Versión castellana de la edición de Junio de 1976, y exactamente corresponde al original”. Pola contra, o censor da edición de 1976 si se dera conta, segundo antes se corroborou, de dúas transformacións nas páxinas 195 e 255. A primeira era esta que se marca en cursiva:

Son tres elementos: o “militarismo”, *que se consideraba ferido nos seus sentimentos patrióticos e hipotecou a independencia da patria*; o “clericalismo”, que se consideraba ferido nos seus sentimentos relixiosos e xogou a Eirexa no xogo azaroso da guerra; o “semifeudalismo”, que se consideraba ferido nos seus intereses e converteu a súa riqueza en pólvora. (Castelao 1976: 195)

E a segunda estoutira:

A inhumanidade da Hespaña nacionalista, empeñada en afogar o estremecimento dos particularismos hespañoes, non é precisamente o reverso da República que perdemos na guerra civil. (*Ibid.*: 255)

Mais este censor non reparara en que as mutilacións aplicadas intencionalmente por Akal eran superiores, ata totalizaren á suma de nove. Esta é a listaxe das restantes, íntegras ou marcadas en cursiva:

O Escorial de onde sairon os piollos de Felipe II *para faceren esta guerra noxenta*. (*Ibid.*: 34)

No 14 de abril do 1931 caíu a monarquía e o povo celebrou con festas e alborozos a fuxida do rei *felón*; pero a República non chegou aquel día, porque non pode chamarse tal un réxime que nin tan siquiera soupo controlar aos militares monárquicos. (*Ibid.*: 63-64)

Se algo pode coutar a miña pruma é o respecto que me inspira o povo hespañol; mais este povo non é somentos o que sofre nos campos de concentración da Franza, nin o que anda aboiado por terras de América, senón o que vive e morre en silencio, asoballado en España *pol-os militares trunfantes*. (*Ibid.*: 141)

En resumen, diremos que os terratenentes, os cregos e os militares –responsables da guerra civil–, ficarían impotentes dentro d-unha República dividida en compartimentos estancos. (*Ibid.*: 163)

Non; Galiza non era nin é feixista, e chego a creer que no fondo da concencia *criminal* dos falanxistas, latexará un pouco do que nós sentimos, e que tamén eles sufrirán contradicións e conflito de deberes, como chegou a sentilo Calvo Sotelo. (*Ibid.*: 189)

Non se daría nada máis risible se non eixistira un Exército regular e a Garda civil para defender esta hipocresía, esta ficción, esta falsedade; pero xa non é risible senón indignant, a posición suicida das “esquerdas” e do mesmo proletariado. (*Ibid.*: 191)

Eles representaban o orgullo, a soberba e a vaidade; é dicir, o máis vello, máis negro e máis podre da Hespaña centralista. Velos ahí van:

MILITARISMO

A bravura dos militares hespañoes era o medo que metía medo.

O coartel era un convento onde se xuraba, se blasfemaba, se conspiraba contra o Goberno, se pegaban labazadas, se depelicaban patacas e se tocaba a corneta. Alí os xefes e oficiais escollian asistentes.

Os militares usaban bigote e padecían de cartarro crónico. Adoviábanse con plumas, charoles, ferros e botóns dourados, para namoraren mulleres. Gostaban máis das procesións que das batallas. Perdían as guerras –eso é verdade–; pero perdíanas *groriosamente*. Eran cabaleiros no Casino e arrieiros no fogar. Chegaban a xeneraes *pol-o* riguroso turno de antigüedade. Morrían de prostatitis crónica (nos militares hespañoes todo era crónico).

Os militaristas amaban a “intanxible unidade da patria”. Creían que Isabel a *Católica* descubriera as Américas. Tiñan unha espiña cravada no corazón: Xibraltar. Arruináranse comprando “marcos” e seguían sendo xermanófilos.

Por algo foron vencidos *pol-o* povo. (*Ibid.*: 195)

Ata este intre, o que se coidaba confiadamente é que tales amputacións as impuxera a censura franquista, como se desprende desta opinión de Fernández: “Y cuando tras la muerte de Franco todo hacía suponer que *Sempre en Galiza* podía ser editado íntegramente en España, surgió la desilusión, pues la edición que lanzó Akal en mayo de 1976 llevaba importantes y significativos cortes...” (Fernández 1986: 24). Ninguén desvelou, en ningún momento, que esas taras obedeceran a unha actuación astuta de Akal.

6. Remate

Tras a exposición desenvolvida detidamente nas páxinas precedentes, cabe recapitular como síntese as seguintes conclusións:

1ª) A prohibición de *Sempre en Galiza* polas instancias franquistas estivo en non poucas oportunidades sumida en incertezas, as cales xeraron tópicos e confusións, estas últimas en forma de erros ou mistificacións. Non é allea esta peculiaridade á análise global do impacto da censura na literatura galega, onde é preciso distinguir dous estadios: *período predocumentado* e *período documentado* (Dasilva 2020: 47-48). O segundo principia coa consulta das fontes documentais primarias.

2ª) Desde a súa publicación na Arxentina en 1944, o mesmo Castelao non ignoraba no máis mínimo que difundir *Sempre en Galiza* baixo a tiranía de Franco era un deveso inviable.

3ª) *Sempre en Galiza* deuse a coñecer legalmente durante a Ditadura una soa vez, con incisións da censura. En 1963, *Escolma posible* recolleu algunhas meditacións de temática cultural e lingüística. Con visión posibilista, a editorial Galaxia debeu de sopesar que mellor era iso que acantoar o libro de Castelao.

4ª) As restricións do franquismo fomentaron que *Sempre en Galiza* se propalase en abundancia por medio da penetración delituoosa das edicións arxentinas. A primeira proposición de importación de exemplares, dilixenciada por Edaf en 1964, foi desbotada polo Ministerio de Información y Turismo.

5ª) Para loitar contra a manipulación de Castelao polo Réxime, desde o exilio impulsouse o volume *El pensamiento político de Castelao. Antología*, concentrado exclusivamente en *Sempre en Galiza*.

6ª) Dada a sona adquirida por *Sempre en Galiza*, algunhas persoas e empresas entrevistaron que unha edición co respaldo legal do Ministerio de Información y Turismo podía ser

unha manobra lucrativa. Foi o caso de Antón Patiño Regueira, dono da librería Librouro. Outra posibilidade pasaba por importar a edición arxentina de 1974, como se sondou por parte de Nuevas Estructuras.

7º) Akal editou *Sempre en Galiza* inicialmente no Estado español con luz verde do Ministerio de Información y Turismo no ano 1976, unha vez falecido o ditador. Agora ben, é obrigatorio precisar que esta editorial autocensurou –non censurou por imperativo ministerial, e isto é relevante– varias porcións da obra. Deixando de lado o trámite da “consulta voluntaria”, Akal depositou os exemplares prescritos pola normativa no Ministerio de Información y Turismo. Para regularizar *Sempre en*

Galiza, tivo unha contribución valiosa Miguel Cruz Hernández, Director General de Cultura Popular.

8º) Na primavera de 1977, cando a transición democrática avanzaba, Akal imprimiu unha segunda edición de *Sempre en Galiza* onde restableceu o que discrecionalmente eliminara en 1976.

9º) É factible rexistrar que o atractivo de *Sempre en Galiza*, xa legalizado, decaeu desde ese punto cronolóxico. Akal encargouse de novas edicións en 1980 e 1994, mentres que Galaxia o acolleu no seu catálogo en 1986.

Condensadamente, velaquí delineado o axitado periplo editorial de *Sempre en Galiza* ao longo do ciclo franquista.

7. Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1975): “Anteporta”, en Castelao, *Obra completa I. Narrativa e teatro*. Madrid: Akal, pp. 5-6.
- (2008): “Palabras previas”, en VV.AA., *Galicia hoy (Paris/Buenos Aires, 1966)* (Edición facsimilar cun prólogo de Xesús Alonso Montero). Sada: Edición do Castro, pp. VII-XV.
- (2021): *Diccionario da nova literatura galega (86 voces responden un inquérito, 1969)* (Edición, estudo introdutorio e notas de Ramón Nicolás. Limiar de Xesús Alonso Montero). Vigo: Xerais.
- Alonso Nogueira, Alex (2021): “O non nato *Sempre en Galiza* de Castelao en Librouro (1975)”, *Abriu* 10, pp. 263-286.
- Casares, Carlos (1976): “*Escolma posible* de Castelao”, *La Voz de Galicia* 07/03/1976.
- Castelao (1944): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición “As Burgas”.
- (1961): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edición “As Burgas”.
- (1964): *Escolma posible* (Prólogo e selección de Marino Dónega). Vigo: Galaxia.
- (1971): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires / Instituto Argentino de Cultura Gallega.
- (1974): *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Edizós Galiza do Centro Gallego de Buenos Aires / Instituto Argentino de Cultura Gallega.
- (1975a): *Escolma posible* (Prólogo e selección de Marino Dónega). Vigo: Editorial Galaxia (2ª ed.).
- (1975b): *Páxinas escollidas*. Madrid: Akal.
- (1975c): *Obra completa I. Narrativa e teatro*. Madrid: Akal.
- (1976): *Obra completa II. Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.
- (1977): *Sempre en Galiza. Obra completa, 2*, Madrid: Akal.
- (1986): *Sempre en Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Dasilva, Xosé Manuel (2008): “A censura franquista e Xosé María Álvarez Blázquez”, en A. Tarrío (coord.), *Día das Letras Galegas 2008. Xosé María Álvarez Blázquez*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 125-58.
- (2013): “La traducción al gallego y la censura franquista”, *Quaderns. Revista de traducció* 20, pp. 17-29.
- (2020): “El estado de la investigación sobre la censura franquista en las letras gallegas”, en M. J. Olaziregi e L. Otaegi (eds.), *Censura y literatura. Memorias contestadas*. Berlin: Peter Lang, pp. 45-61.
- Díaz Pardo, Isaac (1987): *Rememoración de José Martínez, fundador de Ruedo Ibérico*. Sada: Edición do Castro.
- Fernández, Carlos (1986): *La persecución de Castelao durante el franquismo*. Sada: Edición do Castro.
- Mato, Alfonso e Henrique Monteagudo (1992): “O proceso de elaboración do *Sempre en Galiza*”, en *Sempre en Galiza. Edición crítica*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 19-68.

- Míguez, Alberto (1965): *El pensamiento político de Castelao. Antología*. París: Ruedo Ibérico.
- Neira Vilas, Xosé (1983): *Castelao en Cuba*. Sada: Edicións do Castro.
- (2015): “Un libro definidor”, *La Voz de Galicia* 01/12/2015.
- [s. n.] (1975): “No Día das Letras Galegas. Castelao co pobo”, *El Pueblo Gallego* 17/05/1975.
- (1976): “Esclarecendo un pouco”, en *Obra completa II. Sempre en Galiza*. Madrid: Akal, p. 3.
- (1977): “Nota da editorial”, en *Obra completa II. Sempre en Galiza*. Madrid: Akal.
- VV.AA. (2008): *Galicia hoy (Paris/Buenos Aires, 1966)* (Edición facsimilar cun prólogo de Xesús Alonso Montero). Sada: Edicións do Castro.

